

A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.

1. O panorama narrativo das últimas décadas

O exercicio da narrativa en galego nas últimas décadas xorde da man do proceso de democratización das institucións, da consecución dun status de oficialidade para a lingua e do seu posterior proceso de normalización en todos os ámbitos de uso.

A partir de 1975, a produción prosística galega sofre unha serie de adaptacións que botan a súa ollada sobre a historia recente, fundamentalmente sobre a Guerra Civil e a posguerra.

Na década de 1980, os creadores da narrativa fixan o seu obxectivo en afianzar os alicerces da novela e, asemade, en comezar a andaina dalgúns dos seus subxéneros, como a novela negra, a novela feminina ou a narrativa experimental e urbana. Isto contribuirá en boa medida a ampliar os límites do que se converterá nun xénero fundamental do noso sistema literario.

Na década de 1990 continúaase o labor de desenvolvemento das liñas citadas, mais practicadas por novos autores que as presentarán baixo un prisma renovador.

2. A narrativa posfranquista (1975-1979)

Neste lustro desenvólvese o proceso de adaptación da narrativa á nova situación social e cultural. Conviven autores consolidados como Álvaro Cunqueiro ou Eduardo Blanco Amor, obras editadas na diáspora e o experimentalismo da Nova Narrativa Galega que comezara nos sesenta. É unha etapa de ensaio, na que se tratan contidos como a evocación das memorias infantís, fanse esforzos por construír unha novela galega popular ou de “quiosco” e téntase renovar o xénero temática e formalmente. É un período no que predomina a denominada “novela de iniciación” na que un adulto tenta recuperar o paraíso perdido da nenez.

En canto aos autores que se esforzaron en popularizar a novela galega, destacan Xosé F. Ferreiro, Paco Martín, Xoán I. Taibo, Anxo Rei Ballesteros e Lois Diéguez.

- **Xosé Fernández Ferreiro** (Nogueira de Ramuín, 1931) manifesta unha clara decantación polos chamados “xéneros populares” desde a súa primeira novela, *A morte de Frank González* (1975). A esta peza, considerada o primeiro *western* galego, seguiron outras de denuncia social (*Morrer en Castrelo do Miño*, 1978) e algunha “novela urbana” (*Corrupción e morte de Brigitte Bardot*, 1981) ou de ficción científica (*Reportaxe cósmico*, 1982). O momento de maior repercusión das súas novelas sitúase a partir da década de 1980: *A ceo aberto* (1981), *A fraga dos paxaros salvaxes* (1985) e *O minotauro* (1989). En 1991 gaña o Premio Xerais con *Agosto do 36*, unha historia que recupera a memoria da Guerra Civil; en 1994 recibe boa acollida *A cidade das chuvias*, unha novela sentimental. Anos máis tarde, en 1999, publica *O atentado* e, máis recentemente, *Millo verde* en 2002 e en 2004, *Os últimos fuxidos*.
- **Paco Martín** (Lugo, 1940) é autor de *No cadeixo* (1976), que presenta o ambiente dunha vila mariñeira a través dunha visión caleidoscópica. En 1981 publica *E agora cun ceo de lama*, onde incorpora unha maior dose de experimentalismo e presenza do marabilloso. Cultiva tamén a narración breve (*Dende a muralla*, 1990; *Tres historias para ler á noite*, 1992; *A bisneta lercha*, 2006) e a literatura infantil e xuvenil (*Das cousas de Ramón Lamote*, 1985), coa que obtivo o Premio Nacional de Literatura.
- **Xoán Ignacio Taibo** (Madrid, 1949), fecundo autor de relatos, sumou á súa produción a

novela *Homes de ningures* (1978), na que se inscriben os signos da súa creación: a combinación de rexistros discursivos, a defensa do universal e unha estrutura aberta que prioriza a introdución do inverosímil. A mesma disposición creativa presenta a súa seguinte novela, *A semancia* (1981).

A súa obra novelística complétase con *Doncos, o pacífico* (1987), *A ponliña irlandesa* (1997) e *Por tras dos meus ollos* (1999), unha novela histórica.

- **Anxo Adolfo Rei Ballesteros** (Boqueixón, 1952-A Coruña, 2008) opta neste período por unha aposta especialmente renovadora. En 1977 publicou *Dos anxos e dos mortos*, obra na que mostra a súa preocupación polos aspectos formais, a complexidade estrutural e a diversidade de puntos de vista.
Case vinte anos despois marca outra fronteira con *Loira* (1992), esta vez na proxección dos valores sociais. Máis recentemente escribiu *Non sei cando nos veremos* (2004).
- **Lois Diéguez** (Monforte de Lemos, 1944) denuncia as inxustizas sociais do seu tempo e os seus efectos sobre o individuo empregando unha técnica narrativa elaborada e mostrando unha esixente preocupación polo estilo.
Os seus títulos máis destacables son *Galou Z-28* (1976) -situada no terreo da política ficción-, *A canción do vagamundo* (1986) e *A casa de Galiaz* (2003).

3. A narrativa dos oitenta

Neste decenio téntase a consolidación do xénero e a experimentación e ampliación das súas fronteiras.

A maior parte das novelas deste período xiran arredor dos certames literarios; nos primeiros anos da década optan a eles persoeiros nados na posguerra que narran desde diferentes enfoques, pero sempre cunha visión crítica da realidade e desde a perspectiva da retrospección reivindicativa. A este conxunto de autores déuselles en chamar a **Promoción dos premios**.

3.1. A Promoción dos premios

Inclúense neste grupo novelistas como Víctor F. Freixanes, Xavier Alcalá, Úrsula Heinze, Alfredo Conde e Xosé Manuel Martínez Oca.

- **Víctor Fernández Freixanes** (Pontevedra, 1951) dáse a coñecer no terreo literario grazas á narración *A caza das cascudas* (Premio Pedrón de Ouro, 1979). En 1981 gaña o Premio Blanco Amor con *O triángulo inscrito na circunferencia*, no que o autor trata de evidenciar a tensión entre o principio acuático (co seu valor inaprehensible e cambiante), representado por Vilanova de Alba, e o principio terrestre (seco e inamovible), establecido en Compostela.
En 1988 sae á luz *O enxoval da noiva* e en 1993 *A cidade dos Césares*, obra que retoma o ciclo iniciado na súa primeira novela, na que cobra protagonismo a colectividade dunha Galicia colonizadora e mariñeira.
- **Xavier Alcalá** (Miguelturra, Ciudad Real, 1947) xa editara en 1978 unha novela, *A insua*, á parte doutras narracións curtas, pero o seu lanzamento preséntase coa publicación de dúas das súas mellores obras, *A nosa cinza* e *Fábula* (Premio da Crítica Española), ambas de 1980. Na primeira, o autor presenta, a través de Xoán, o protagonista, que encarna toda

unha xeración, o tema da educación na posguerra desde unha óptica moderna, situándoo nun ambiente urbano en que os conflitos ideolóxicos cobran unha dimensión simbólica.

Fábula é unha novela pluriperspectivista, cunha trama ambientada na cidade da Coruña, que recrea os pormenores dun episodio de inequívoca intencionalidade social que leva aos personaxes a evocar desde distintos puntos de vista o papel xogado na Guerra Civil.

A partir deste momento a produción de X. Alcalá vaise debater entre a crónica e a ficción, entre Galicia e a Patagonia. Na orixe desta dobre dicotomía atópase *Nos pagos de Huinca Loo* (1982), unha novela na que se abordan os dous asuntos que preocupan fundamentalmente o autor: a formación da moderna sociedade arxentina e as migracións galegas ao Cono Sur.

A seguinte entrega é *Tertulia* (1985) e a partir deste momento tende á crónica de viaxes, sempre pola Patagonia: *Arxentina* (1990), *Latitude Austral* (1991), *Viaxes no país de Elal* (1992), a excepción é *Cárcere verde* (1990).

En 1996 publica unha interesantísima creación desenvolta en Ferrolterra, *Código morse*, e en 1998 sae á luz *Alén da desventura*, unha nova entrega de ambientación histórica e trama de intriga. A súa produción continúa incansable; recentemente publicou *Unha falsa luz* (2007).

- **Úrsula Heinze** (Colonia, Alemaña, 1941) centra o interese nos temas tratados cunha visión interiorista do ser feminino. Baixo este prisma testemuñal da condición de muller aparece en 1982 *O soño perdido de Elvira M.* Nesta órbita xiraría toda a produción da autora, xa en forma de relatos (*Remuíños en coiro*, 1984; *Polas rúas de Padrón*, 1994) xa de reportaxe literaria (*Arredor da muller en 18 mundos*, 1985; *Mulleres*, 1991), xa de literatura infantil e xuvenil (*Sempre Cristina*, 1986); *A casa abandonada*, 1987). En 1989 sae á luz *Anaiansi*, que trata a soidade dunha muller e o paso doloroso e inaprehensible do tempo; en 1993 recibe o Premio Blanco Amor por *Culpable de asasinato*.
- **Alfredo Conde** (Allariz, 1945) inicia a súa andaina narrativa en 1974 co libro de relatos *Mementos de vivos*. No seu primeiro logro literario, *Breixo* (1981), reúnense a renovación técnica e o compromiso cos temas sociais. Nesta obra preséntase unha confrontación entre o obxectivo -a aburrida vila do protagonista- e o subxectivo -o mundo dos soños, os desexos e as fantasías-. A *Breixo* seguiu a *Memoria de Noa* (1982), que tamén mostra unha historia dúplice: a da protagonista, Noa, que narra en primeira persoa mentres fai *footing*, e a da reconstrución do pasado que lle deu orixe. En 1984 obtén o Premio Blanco Amor por *Xa vai o griffón no vento*, novela alegórica en que volve recorrer á estrutura dual que a sitúa entre a Compostela renacentista e inquisitorial e a Provenza do noso tempo. Conde ensaia tamén o relato breve (*Música sacra*, 1989; *A casa de Aldara*, 1996) e só en 1995 regresa ao xénero novelístico con *Sempre me matan*, unha nova abordaxe da soidade do individuo e unha crítica dos círculos do poder político. En 1998 deu á luz unha segunda entrega do que se configura como un ciclo da sociedade actual: *O difícil que é matar*. Máis recentemente publicou *Romasanta* (2004), *Lukumí* (2006) e *María das Batallas* (2007).
- **Xosé Manuel Martínez Oca** (A Estrada, 1942) fai referencia ao tema das memorias infantís na súa primeira novela, *Un ano e un día* (1980). Tamén en 1980 publica a súa segunda novela, *A fuxida*, sobre a busca de paraísos perdidos no tempo. Coa seguinte produción, *A*

chamada escura dos caborcos (1981), continúa coas dualidades presente-pasado, cidade-aldea, exterior-interior, etc.

O éxito definitivo chégalle con *Beiramar* (1983), Premio Blanco Amor, elaborada a propósito dun feito ben realista: a regulación de emprego dentro dunha empresa nunha vila imaxinaria poboada por personaxes de diversa condición.

Tamén cultivou o relato, caendo nun silencio novelístico só roto en 1988 con *As florestas do Mañuema*, unha insólita novela de aventuras. En 1994 editouse *Diario de inverno*, nova e irónica volta sobre a introspección da conciencia e ultimamente saíron á luz *O tempo en ningunha parte* (2003) e *Como paxaro caído do niño* (2006).

3.2. A narrativa de xénero

Na segunda metade dos anos oitenta sitúase un grupo de autores que cultivan un tipo de novela que escapa aos asuntos da identidade comunitaria ou a calquera intento de renovación discursiva. Trátase dun tipo de produción novelesca que practican narradores como Alfonso Álvarez Cáccamo. Xoán Manuel Casado, Manuel Riveiro Loureiro, Miguel Suárez Abel ou Xosé Ramón Pena.

Mais o feito fundamental desta etapa é que a novelística comeza a introducirse en áreas consideradas periféricas como a novela negra, o feminismo, a marxinação social, o mundo urbano e suburbano, etc.

3.2.1. A novela histórica

Á parte dos autores da *Promoción dos premios*, outros narradores trataron motivos relacionados coa historia de Galicia.

Destaca neste grupo, entre outros, **Xesús Rábade Paredes** (Cospeito, 1949), que se inicia na narrativa coa novela *Morrer en Vilaquinte* (escrita conxuntamente con Helena Villar Janeiro). En 1987 publica *Searaverde*, que se completa co que se podería considerar unha triloxía histórica: *A palabra secreta* (1989), *Branca de Loboso* (1991) e *As sombras do barroco* (1994). Estas novelas, de factura desigual, coinciden en presentar episodios ambientados nunha época de decadencia cultural de Galicia, os chamados Séculos Escuros. Nos últimos anos engadiu á súa obra *Mentres a herba medra* (2007).

3.2.2. A novela negra

- **Carlos G. Reigosa** (A Pastoriza, 1948) gaña o Premio Xerais en 1984 con *Crime en Compostela*, que non só marca o arrinque da “novela negra” galega, senón que tamén aposta pola produción literaria “popular”, no sentido de que vai destinada a un público de amplo espectro. A construción do personaxe Nivardo Castro unía o carácter cínico propio do xénero ás contradicións do galego que regresa do exterior a unha terra en proceso de cambio. Posteriormente escribiu *O misterio do barco perdido* (1988), que se mantén dentro da serie do detective Nivardo Castro.

Este autor xa se iniciara na narración en 1982 cos relatos *Homes de tras da corda*, *As pucharcas da lembranza* (1986) e os contos infantís *Irmán Rei Artur* (1987).

En 1991 puxo en marcha un proxecto narrativo, *Os outros disparos de Billy*, no que presenta ao famoso pistoleiro do *western* baixo un prisma vital filosófico. Tamén é autor da crónica *Fuxidos de sona* (1989) e doutras novelas, como *Intramundi* (2002) e *Pepa a Loba* (2006).

3.2.3. A narrativa feminina

Á parte da incursión anterior de Úrsula Heinze, destacan neste momento as novelistas M.

Ledo Andión e María X. Queizán.

- **María Xosé Queizán** (Vigo, 1939), que xa publicara *A orella no buraco* (1965), volve á narración interesándose pola causa das mulleres con *Amantia* (1984). Na súa seguinte produción, *A semellanza* (1988), aborda o tema da homosexualidade e en *Amor de tango* (1992) exhibe a interioridade dunha muller chamada Margot. Aproximárase posteriormente ao xénero sentimental con *O solpor da cupletista* (1995) e *Ten o seu punto a fresca rosa* (2000).
- **Margarita Ledo Andión** (Castro de Rei, 1951) destaca polo seu activismo no feminismo e na política e pola súa obra cinematográfica. Escribiu o libro de relatos *Mamá-Fe* (1983) e as novelas *Trasalba ou Violeta e o militar morto* (1985) e *Porta blindada* (1990), na que trata a represión que a sociedade exerce sobre a disidencia relegándoa á alienación mental.

3.2.4. A narración experimental

- **Suso de Toro** (Santiago, 1956) é o principal cultivador deste tipo de narrativa guiada polo vangardismo e a ruptura coa tradición, composta por textos fragmentarios que reflicten o caos que rexe a sociedade.

En *Caixón desastre* (1983) presenta un universo propio marcado polo sentimento de ruptura coa tradición literaria, coa representación da realidade, coa idea de tradición cultural, etc.

O seguinte paso constituíuno *Polaroid* (1986), un conxunto de textos fragmentarios que combinan o monólogo interior e as situacións dialogadas. Aplica estes trazos á novela en 1988, cando publica *Land Rover*. De Toro é un autor capaz de representar os conflitos da sociedade moderna: a selva urbana e suburbana en que se proxectan as frustracións do ser. Todo isto narrado cunha linguaxe semellante á do home da rúa.

A partir de *Land Rover* trata de cultivar dúas liñas de produción: unha de vocación máis popular (*Ambulancia*, 1991; *A sombra cazadora*, 1994; *Conta saldada*, 1996, as dúas últimas para un público adolescente); e por outra parte, unha liña máis intelectual (*FM*, 1991; *Tic-tac*, 1993 e *Parado na tormenta*, 1997).

En 1997 ambas as dúas liñas conflúen nunha novela que gaña o Premio Blanco Amor: *Calzados Lola*. En 1998 publicou *Círculo* e máis recentemente *Trece badaladas* (2003) e *Sete palabras* (2009).

Outros narradores de principios dos oitenta son Daniel Cortezón e Xoán Bernárdez Vilar; algo máis tardíos son Antón Risco e Marina Mayoral.

4. A narrativa dos noventa

Neste decenio establécese de xeito definitivo o xénero novelesco no sistema literario galego, pois os mecanismos de promoción, edición, produción e crítica están xa plenamente consolidados.

Por outra banda, no primeiro quinquenio da década, autores que se dedicaban á produción de relatos ou de poesía optan polo xénero central da narrativa. É o caso de Ramiro Fonte, M. Forcadela, Darío X. Cabana, Manuel Rivas, etc. Ademais continúan publicando autores xa consagrados como Anxo A. Rei Ballesteros, Víctor F. Freixanes, Carlos Casares e Méndez Ferrín.

Un dos feitos máis significativos desta década é a tendencia, xa iniciada nos oitenta, á diversificación xenérica; deste xeito, proliferan xéneros iniciados na etapa anterior, como a novela

negra ou a novela crónica, e agroman outros novos.

4.1. A novela negra

A produción de novela negra multiplícase durante toda a década, ata o punto de que en 1999 o total de obras deste tipo se achega á trintena. O conxunto de todas estas pezas narrativas podería clasificarse en catro grupos:

- As que se acollen ao modelo da filmografía estadounidense (de protagonista cínico, duro, solitario e autodestrutivo). Pode representar este conxunto *Ambulancia* (1990) de Suso de Toro, obra na que se desenvolve un asunto delituoso desde o punto de vista do infractor enfrontado a unha lei corrupta.
- As que se adaptan aos modelos culturais do país, ambientándose ás veces na chamada “Galicia profunda”, como *A tres bandas* (1995) de Xosé Miranda e as novelas breves que Bieito Iglesias recolle en *Miss Ourense* (1994).
- As de vocación rupturista, claramente vangardistas, que se achegan ao xénero negro desde a parodia e a crítica como *Non hai misericordia* (1990) e *Terminal* (1994) de Xelís de Toro, *Panificadora* (1994) de Xosé Cid Cabido, e algún relato de *Erros e Tánatos* (1996) de Gonzalo Navaza.
- Por último, un grupo de obras coas características xerais destas producións, pero con elementos referidos á realidade de Galicia e que escapan ao concepto de “literatura popular”. Destacan Marilar Aleixandre con *Tránsito dos gramáticos* (1993) e *A compañía clandestina de contrapublicidade* (1998), e Aníbal C. Malvar con *Un home que xaceu aquí* (1993) e *A man dereita* (1994).

4.2. A ficción futurista

Trátase dun mundo pouco explorado polos nosos narradores, aínda que autores como Antón Risco, Tucho Calvo ou Darío Xohán Cabana cultivaron este xénero de xeito ocasional. Entre eles destaca a figura de Ramón Caride.

- **Ramón Caride Ogando** (Cea, 1957) fixo a primeira incursión decidida dos autores galegos na ficción científica en *Soños eléctricos* (1992), gañadora do Premio Blanco Amor. Algúns dos temas tratados na novela serán aproveitados polo autor posteriormente en relatos curtos e producións infantís.

4.3. A novela de terror

Xunto á modalidade policial, un dos xéneros que máis triunfou na década de 1990 foi a novela de terror. Desenvolveron este tema Méndez Ferrín, Tucho Calvo, Fran Alonso e de forma destacada Xosé Miranda en *A biblioteca da iguana* (1994), *A neve e a cadeira* (1994) e *Vestio* (1995). Destacan tamén as obras de Xesús Manuel Valcárcel *Contos nocturnos* (1985) e *O capitán lobo negro* (1995).

4.4. A novela histórica

Durante a década de 1990 abandónase o tratamento alegórico da historia máis recente e tómanse episodios do pasado como pretexto ou pano de fondo para narracións centradas en aspectos psicolóxicos ou existenciais.

Por outra parte, continúa a cultivarse a novela de iniciación e a xeracional, por parte de autores como Ramiro Fonte, Xosé Ramón Pena ou mesmo Xosé Luís Méndez Ferrín (*No ventre do silencio*, 1999).

Tamén neste decenio cobra importancia a novela de aventuras, traballada por narradores como Xavier Alcalá, Xavier Queipo ou Xosé Miranda na historia relatada en *Morning Star* (1998).

4.4.1. A narrativa histórica contemporánea

Esta vía novelística preocúpase por aspectos históricos contemporáneos fundamentalmente centrados no conflito entre a vida rural e a urbana mesturando realismo e fantasía. O seu cultivador máis sobranceiro é Manuel Rivas.

- **Manuel Rivas** (A Coruña, 1957) publica en 1985 unha novela curta, *Todo ben*, aínda que o seu salto á popularidade se produce en 1990 con *Un millón de vacas*. En 1991 sae á luz *Os comedores de patacas*, unha peza de orientación xuvenil na que se advirte unha preocupación pola conflitiva dualidade entre o mundo da aldea e o da cidade na sociedade galega.

Posteriormente, Rivas consegue o Premio da Crítica de Galicia por *En salvaxe compañía* (1994), unha novela na que o autor conxuga dous tempos do relato: un contemporáneo no que mostra a desestruturación do mundo rural galego e outro mítico e atemporal.

A obra de Rivas, moi en alza de cara ao público, amplíase co libro de relatos *Que me queres, Amor?* (1996) e volve conseguir o éxito con *O lapis do carpinteiro* (1998), unha novela na que o elemento fantástico fai novamente aparición nun contexto completamente realista: a vida dos presos políticos nunha prisión coruñesa.

Máis recentemente publicou *As chamadas perdidas* (2002) e *Os libros arden mal* (2006), clasificable dentro dunha liña máis experimental.

4.4.2. A narrativa fantástica e marabillosa

Trátase dunha tendencia novelística na que a narración une aspectos realistas e fantásticos guiada por un historicismo utópico que presenta recorrencias temáticas como a exaltación dunha mítica e intemporal Idade Media. O factor fantástico funciona como subversor da realidade, que se percibe como frustrante; só serve para reflectir a tensión entre a situación desexada e a que en verdade se vive. Destaca dentro desta tendencia a figura de Darío Xohán Cabana.

- **Darío Xohán Cabana** (Cospeito, 1952) conta cunha prolífica traxectoria autorial, xa que tocou todos os xéneros literarios. A pesar dunha furtiva incursión no territorio narrativo con *Memoria dunha aldea* (1973), a súa auténtica entrada no campo novelesco data de 1989, cando obtén o Premio Xerais por *Galván en Saor* (1989).

A partir dese momento, a carreira narrativa de Cabana entra nunha fase de vertixinosa produción, na que cada vez se prioriza máis a intencionalidade didáctica de miras ideoloxizantes. En 1990 publica a novela *Fortunato de Trasmundi* e logo escribe dous libros de relatos, *O libro dos moradores* e *Vidas senlleiras*. En 1992 publica *Cándido Branco e o Cabaleiro Negro*; en 1994, *Cerco de ferro*, narracións nas que toma como pretexto o mítico episodio do monte Medulio. No mesmo ano sae á luz *O cervo na torre* e en 1996, *Morte de rei*. Máis recentemente publica *Mitos e memorias* (2003) ou *Dende o Himalaia a Ceilán* (2004).

4.5. A narrativa experimental

A novela de fins de século reflicte unha necesaria diversificación de criterios que se plasma na tendencia á fragmentación da unidade narrativa. De aí a proliferación de obras cos máis dispares rexistros, con códigos doutros xéneros ou doutras artes e que contan con varias voces que

relatan a historia. Nesta tendencia destacan autores como Xelís de Toro, Xavier Queipo, Manuel Seixas, Xavier Manteiga ou Xurxo Borrazás.

- **Xurxo Borrazás** (Carballo, 1963) saca á luz en 1991 *Cabeza de chorlito*, unha novela na que a reflexión sobre o feito da creación literaria exerce como fío condutor. En 1994 *Criminal* recibe o Premio da Crítica Española, que soubo apreciar a aposta por un enfoque narrativo fragmentario, plural e insólito. En 1996 publica *Eu é*, obra na que os personaxes escapan do mundo actual para efectuar un salto no tempo e na ficción no que as técnicas narrativas van sufrindo transgresións. En 1998 saíu á luz *Contos malvados*, conxunto de historias que se entrecruzan e amalgaman. En 1999 publica *O desintegrata*, obra que se centra nunha reflexión suxeita a trazos de ficción que atravesan o texto, e no ano 2000 aparece *Na maleta*, na que o autor presenta uns personaxes protagonistas que deambulan na procura da posibilidade de escapar a un destino que se pecha sobre eles. Nos últimos anos viron a luz *Ser ou non* (2004) e *Costa Norte/ZFK* (2008).

5. A narrativa infantil e xuvenil

Á produción anterior súmase o cultivo da narrativa infantil e xuvenil, que experimentou nos últimos anos un grande auxe dentro do noso sistema literario, debido á consolidación do galego nas aulas, ao labor dos docentes e ao fomento e extensión dos hábitos de lectura entre os rapaces.

Cultivaron a narrativa para os máis novos algúns dos autores mencionados anteriormente ou outros como Xosé A. Neira Cruz, Xoán Babarro, Gloria Sánchez, Xabier P. Docampo, An Alfaya, Agustín Fernández Paz, Fina Casalderrey, etc.

- **Agustín Fernández Paz** (Vilalba, 1947) é autor dunha abondosa obra que abrangue títulos tan lidos polo público máis novo como *As flores radiactivas* (1989), *Contos por palabras* (1990), *Trece anos de Branca* (1994), *Cartas de inverno* (1995), *Aire negro* (2000), *Corredores de sombra* (2006), *O único que queda é o amor* (2007), Premio Nacional de Literatura.
- **Fina Casalderrey Fraga** (Pontevedra, 1952) escribiu, entre outras obras, *Mutacións xenéticas* (1991), *Dúas bágoas por Máquina* (1992), *O misterio dos fillos de Lúa* (1995), *Quen me quere adoptar?* (2005) e *Un cabalo de lume* (2007).

6. Narradores e tendencias actuais máis relevantes

Nos últimos anos continúaase traballando nas liñas narrativas iniciadas nos oitenta e consolidadas e exploradas nos noventa, polo tanto preséntasenos un panorama variado en canto a temas, formas e público. Mantéñense en produción novelistas xa mencionados en décadas anteriores, como Xelís de Toro, que en *Riofero* (2009) reflexiona sobre a literatura mesma e xorden novas voces que contribúen a enriquecer o sistema literario galego. Este é o caso de Rosa Aneiros, que publicou novelas como *Resistencia* (2002); Teresa Moure, que aborda motivos feministas en *Herba moura* (2005); e María Reimóndez, que fai o mesmo en *O club da calceta* (2006).

Tamén destacan outros autores e temas como Alberto Canal, que publicou *Conexión Tubinga* (2008), Iolanda Zúñiga, que en *Vidas post-it* (2007) reúne un conxunto de relatos sobre situacións cotiás marcadas polo fracaso, etc.

7. O ensaio de fins do século XX e comezos do século XXI

Rematada a ditadura e iniciada a época da transición democrática produciuse unha etapa de efervescencia no cultivo do ensaio. Isto debeuse a que este xénero, que fomenta a reflexión e reflicte as opinións e investigacións sobre diferentes temáticas, gozou a partir dese momento de maior liberdade para medrar.

7.1. O ensaio filosófico

Contribuíron a ampliar os estudos no campo da filosofía autores como **Xosé Luís Barreiro Barreiro**, coordinador dunha recompilación sobre a historia da filosofía galega titulada *O pensamento galego na Historia* (1992); **Antón Baamonde**, que expuxo as súas reflexións en *O marxismo e as linguaxes* (1990) ou *A rosa sen porqué* (1997); **Francisco Sampedro** que escribiu *Ideoloxía e distorsión. Ensaio sobre o imaxinario ideolóxico* (1997), obra na que practica unha relectura de clásicos como Marx, Nietzsche ou Freud; e outros autores como Carlos Fernández, Ignacio Castro, etc.

7.2. O ensaio relixioso

O galego é o idioma elixido por certos movementos cristiáns de base e tamén o vehículo para difundir o pensamento relixioso en revistas como *Encrucillada* (1977) ou *Irimia* (1981). Neste eido desenvolveu o seu labor **Miguel Anxo Araújo Iglesias**, bispo da diocese Mondoñedo-Ferrol de 1970 a 1985, con obras tan relevantes como *A fe cristiá ante a cuestión da lingua galega* (1975) ou *Escritos cristiáns sobre problemas, personaxes e conflitos de Galicia* (1987).

Tamén é claramente salientable o papel de **Andrés Torres Queiruga** no campo da teoloxía, con numerosas achegas en traballos como *Nova aproximación a unha filosofía da saudade* (1981), *Creo en Deus Pai. O Deus Xesús e a autonomía humana* (1986) e *Repensar a resurrección: a diferenza cristiá na continuidade das relixións e da cultura* (2001).

Destacan tamén pola importancia das súas publicacións **Xosé Chao Rego**, autor de *Eu renazo galego. Ensaio sobre a identidade galega* (1983) ou *A condición homosexual* (1999), e outros ensaístas como **Victorino Pérez Prieto**, que reflexiona sobre o carácter relixioso e cristián de clásicos da literatura galega como Rosalía, Pondal, Curros, Celso Emilio, Cunqueiro e un longo etcétera.

7.3. O ensaio feminista

Esta modalidade de ensaio iníciase nos anos setenta coa obra *A muller en Galicia* (1977) de **María Xosé Queizán**, na que analiza a situación da muller galega desde o punto de vista do marxismo, o nacionalismo e o estruturalismo. En *Recuperemos as mans* (1980) estende o obxectivo do seu estudo a todo o xénero feminino. Anos despois aborda outros temas como a maternidade, o aborto, a xenofobia en obras como *Escrita da certeza* (1995) ou *A guerra permanente: a perspectiva feminista da paz* (1996). Polas características dos seus ensaios defínese como unha escritora directa, comprometida e radical.

Tamén expuxeron as súas ideas feministas en escritos ensaísticos M^a Xosé Agra, Teresa Barro, Carmen Blanco, Teresa Moure, Carme Adán, etc. Algunhas revistas destacables neste eido son *Festa da Palabra Silenciada* e *Andaina*, nadas as dúas en 1983.

7.4. O ensaio etnográfico e antropolóxico

Tratan estes temas **Xosé Ramón Mariño Ferro** en obras como *Autobiografía dun labrego* (1986); **Marcial Gondar** en *Romeiros do alén* (1989), *Crítica da razón galega. Entre nós-mesmos e nos-outros* (1993), en colaboración con Emilio González, ou *¿Que é a antropoloxía aplicada?*

(2003); e **Xosé Manuel Domínguez Prieto** con estudos como *Sobre a alegría* (1995) ou *Alén da libido* (1999), unha achega sobre a sexualidade e o erotismo.

7.5. O ensaio político, económico e histórico

O precursor dos estudos económicos en Galicia foi **Valentín Paz-Andrade**, que redactou traballos como *Castelao na luz e na sombra* (1982) e *Galiza lavra a súa imaxe* (1985). Neste ámbito, unha das figuras máis prestixiosas é **Xosé Manuel Beiras**, que xa en 1972 publica *O atraso económico de Galicia*, obra na que segue unha metodoloxía marxista e nacionalista. Continúa o seu labor con *Por unha Galicia liberada* (1984), *O estado da nación* (1996) ou *A catástrofe do Prestige* (2003).

É destacable tamén a contribución de **Ramón López Suevos**, que teoriza sobre o desenvolvemento sustentable de Galicia e as relacións con Portugal en estudos como *Excedente económico e análise estrutural* (1978), *Do capitalismo colonial* (1979), *A sede da Terra. Economía da auga* (1995).

Outros autores céntranse máis na área política, como **Xosé Luís Barreiro Rivas**, que publicou ensaios como *Ciencia política e ética do poder* (1991), *A terra quere pobo* (2004), *Vontade de nación* (2008) ou **Carlos Mella**, do que se poden citar títulos como *Non somos inocentes (memorias, retrancos e algarabías dun político galego en excedencia)* (1990), *A Galicia posible* (1992), etc.

Tamén destacan as investigacións neste eido de Camilo Nogueira, Fernando González Laxe, Xan Carmona, Xavier Vence, Xoaquín Fernández Leiceaga...

Máis relacionados coa Historia están os ensaios de investigadores como Villares, Pegerto Saavedra, Barreiro Fernández ou Beramendi.

Ramón Villares estudou diferentes aspectos da Historia de Galicia en *Foros, frades e fidalgos* (1982), *A Historia* (1984), *Galicia, unha autonomía histórica* (1993) ou *Historia de Galicia* (2004). **Xosé Ramón Barreiro Fernández** achegou as súas reflexións e investigacións en *Historia contemporánea de Galicia* (1981) e *A idea de nación* (1995). **Xusto González Beramendi** expuxo as súas análises do fenómeno nacionalista en *O nacionalismo galego* (1995) e *De provincia a nación* (2007), Premio Nacional de Ensaio.

7.6. O ensaio sociolingüístico

Unha das principais contribucións é a de **Francisco Rodríguez** en *Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia* (1976), que supón un fito nos estudos de sociolingüística e que provocou a aparición doutras obras.

Juan José Moralejo Álvarez trata os prexuízos políticos e sociais que dificultan a normalización en *A lingua galega hoxe* (1977) e *O bilingüismo e os seus problemas* (1980).

Destacan especialmente as achegas de **Ricardo Carballo Calero** sobre o reintegracionismo do galego no diastema lingüístico galego-portugués e os problemas do bilingüismo na sociedade. Publicou *Problemas da lingua galega* (1981), *Da fala e da escrita* (1983) e postumamente *Do galego e da Galiza* (1990) e *Umha voz na Galiza* (1992).

Outras investigacións de importancia corresponden a **María Pilar García Negro**, autora de *O galego e as leis: aproximación sociolingüística* (1991).

Son tamén obras de especial relevancia as de **Antón Figueroa**, *Diglosia e texto* (1988), **Manuel Portas**, *Lingua e sociedade na Galiza* (1991); **Henrique Monteagudo**, *Historia social da lingua galega* (1999); **Xosé Ramón Freixeiro Mato**, *Lingua galega, normalidade e conflito* (1997). Outros investigadores que cumpriría mencionar son Francisco Fernández Rei, Manuel González, Antón Santamarina, Carme Hermida...

7.7. O ensaio literario

Cómpre deixar constancia neste campo das achegas de **Francisco Fernández del Riego**, **Xosé Filgueira Valverde**, **Xesús Alonso Montero** e **Ricardo Carballo Calero**.

Entre os estudos máis salientables destacan as contribucións de **Carballo Calero**: *Historia da literatura galega contemporánea* (1979), *Libros e autores galego. Século XX* (1982) ou *Estudos e ensaios sobre literatura galega* (1989); **Francisco Rodríguez**, que escribiu *Literatura galega contemporánea. (Problemas de método e interpretación)* (1990); **Xosé Luís Méndez Ferrín**, con *De Pondal a Novoneyra* (1984); **Anxo Tarrío**, que publicou numerosos estudos como *De letras e de signos. Ensaos de semiótica e crítica literaria* (1987), **Pilar Vázquez Cuesta**, **Xoán González Millán**, **Dolores Vilavedra**, **Arturo Casas**, **Arcadio López-Casanova**, **Helena González**, **Claudio Rodríguez Fer** e un longo etcétera.

En canto ás publicacións, cómpre mencionar unha chea de revistas que atenderon aspectos literarios como *Grial*. Tamén no campo literario e do ensaio hai que incluír *A Trabe de Ouro*, revista trimestral de “pensamento crítico”, que se publica desde 1990. Apareceron outras revistas dedicadas á análise literaria como *Boletín Galego de Literatura*, *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, *Unión Libre*, *Dorna*, *Luzes de Galiza*, *Anima+I*, *Trilateral*, *Escrita*, *Nó*, *Contemporánea*, *Loia*, *Ólisbos* e outras que abranguen un amplo abano de contidos como *Tempos Novos*.